

## PROCESO ELECTORAL FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO.

### ACTA 15. RESOLUCIÓN RECURSOS CGXD 154/18 E 155/18, SISTEMA DE VOTACIÓN PARA A COMISIÓN DELEGADA E OUTROS

Unha vez reunidos por medios telemáticos os membros da Xunta Electoral, a día 30 de novembro de 2018 ás 20:30h. Unha vez resoltas as alegacións e as reclamacións presentadas ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, expedientes 154/18 e 155/18, ante a necesidade de sortear a Mesa Electoral para a elección de Presidente e de Comisión Delegada, xunto con outros asuntos de especial interese, establécese a seguinte orde do día.

- 1- Comunicación da resolución do CGXD ante os recursos con número de expediente 154/18 e 155/18.
- 2- Voto de Comisión Delegada, aclaracións e distribución dos terzos.
- 3- Informe de retirada de candidatura á presidencia
- 4- Notificación da XE con respecto ás consecuencias da resolución dos expediente 154/18 e 155/18.

Pasamos a desenvolver a reunión.

- 1- Comunicación da resolución do CGXD ante os recursos con número de expediente 154/18 e 155/18.

Despois de ter coñecemento da resolución do CGXD dos recursos presentados polo Club Deportivo Pinarium e Marcos Paulo Ade Schneider estimando os recursos dos interesados *"coas consecuencias e efectos que conleva"*. Polo tanto, dende a Xunta Electoral informamos que os anteriormente mencionados pasan a ser membros de pleno dereito da Asemblea Xeral da FEGATRI.

- 2- Voto de Comisión Delegada, aclaracións e distribución dos terzos.

Coa intención de aclarar as cuestións derivadas da comisión delegada informamos que, a composición do terceiro terzo, artigo 25 punto 2 *"Un terzo corresponderá aos demais estamentos (tres membros), en proporción a súa respectiva representación na asemblea xeral."* Polo que haberá tres asentos para catro estamentos, que sae atopan repartidos do seguinte xeito, 20% da asemblea o estamento de deportistas, 7,5% adestradores, 5% técnico e 2,5% organizadores, o que obriga a que un dos estamentos quede sen praza neste terzo da Comisión Delegada.

Ao tempo o artigo 9 "Mesas electorais" no marco do punto III apartado d) indica que "(...) procederase á elección dos membros que correspondan da comisión delegada da federación, entre os candidatos de cada estamento polos membros asembleístas de cada un deles." Polo tanto, á hora de elixir cada asento da comisión, o representante será escollido entre seus iguais.

En definitiva resolvemos que o terceiro terzo estará distribuído entre os tres estamentos de maior representatividade na asemblea, destes *"...demais estamentos..."* polo que se

